

Concello de Mondariz

Expediente núm.: 924/2018

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Contratacións

Interesado: _____

Data de iniciación: 19/12/2018

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista da memoria xustificativa da necesidade de contratación asinada en data 20 de xuño polo órgano de contratación e dos seguintes antecedentes:

- Acordo plenario do Concello de Mondariz de 29/09/2018 polo que se aproba a modificación presupostaria 37/2018 por crédito extraordinario 1/2018 a financiar con remanente de tesourería para gastos xerais, e publicado no BOPO nº 219 de 14 de novembro, polo que crean e se dotan de crédito a seguinte aplicación orzamentaria para financiar Inversión financeiramente sostibles:

• ESTADO DE GASTOS

Inversión Financeiramente Sostible	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO PROXECTO	IMPORTE DA MODIFICACION
SANEAMENTO EN SOUTO ALTO	160.60901	52.132,17 €	52.132,17 €

- Decreto de Alcaldía nº 685 de 19 de decembro de 2018 polo que se aproba o proxecto técnico para a execución da obra de “ampliación de saneamento en Souto Alto” redactado polo enxeñeiro de camiños Colexiado nº 16225 D. Javier Carballo Núñez.

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

AMPLIACION DE SANEAMENTO EN SOUTO ALTO			
Procedemento: aberto		Tramitación: ordinaria	Tipo de contrato: obras
Clasificación CPV: 45232410	Acepta renovación: Non	Revisión de prezos / fórmula: Non procede	Acepta variantes: Non
Orzamento base de licitación: 43.084,43 €	Impostos: 9.047,73€		Total: 52.132,17 €
Valor estimado do contrato: 43.084,43 €			
prazo execución: 2 MESES			
Garantía provisional: Non	Garantía definitiva: 5%	Garantía complementaria: Non	

Visto informe de Intervención asinado o 21 de decembro respecto do órgano competente para levar a cabo a contratación obxecto deste expediente.

Visto informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable así como o procedemento a seguir respecto da presente contratación asinado en data 21 de decembro de 2018.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de



Concello de Mondariz

novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO. Iniciar o expediente para a contratación da obra “Ampliación de saneamento en Souto ” mediante procedemento aberto simplificado.

SEGUNDO. Aprobar a memoria xustificativa asinada polo órgano de contratación o 21 de decembro de 2018 e proceder á súa publicación no perfil do contratante en aplicación do artigo 63.3 da Ley 9/2017 e xustificar como motivos para a celebración do contrato os seguintes: *Con esta obra se pretende mellorar o servizo que ofrece o Concello de Mondariz ós habitantes da zona de Souto Alto, completando a rede de saneamento demandada polos veciños desde fai tempo e cumprindo así co mandato recollido no artigo 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, respecto dos servizos de prestación obrigada.* Quedando acreditado que a contratación proxectada mediante un contrato de obra é a forma máis idónea e eficiente de levar a cabo os fins do Concello.

TERCEIRO. Ordenar a redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares, servindo como pliego de prescricións técnicas o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro de camiños colegiado nº 16225 D. Javier Carballo Núñez e aprobado por Decreto nº 685 de 19 de decembro, que deben rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO. Que, pola Intervención municipal, fágase a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO. De ser favorable a fiscalización previa, que se emita Informe-Proposta de Secretaría respecto diso.

SEXTO. Dar conta de todo o actuado a esta Alcaldía para resolver o que proceda.

En Mondariz a 21 de decembro de 2018, o asina o Sr.Alcalde , do que como Secretaria dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

